

Concello de Viveiro

NOTA INFORMATIVA RELATIVA AO PECHE DE LOCAIS DE DISCOTECAS E ESTABLECEMENTOS DE LECER NOCTURNO

No BOE do 30 de maio de 2020 publicouse a Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

No BOE do 6 de xuño de 2020 publicouse a Orde SND/507/2020, de 6 de xuño, pola que se modifican diversas ordes co fin de flexibilizar determinadas restricións de ámbito nacional e establecer as unidades territoriais que progresan ás fases 2 e 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

En virtude do establecido nas ordes referidas, podería procederse á reapertura ao público de locais de discotecas e bares de ocio nocturno, cumprindo determinados requisitos e limitacións establecidos nas ordes referidas.

Tendo en conta que no Diario Oficial de Galicia de data 8 de xuño de 2020, núm. 110-bis, se publicou o Decreto 88/2020, do 8 de xuño, polo que se adoptan medidas en materia de lecer nocturno de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia durante a fase 3 do Plñan para a transición cara a unha nova normalidade, por medio do presente infórmase aos veciños e veciñas de Viveiro que:

- **Durante a fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade permanecerán pechados, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os locais de discotecas e establecementos de lecer nocturno.**

Viveiro, na data que consta á marxe.

A Alcaldesa,
María Loureiro García

